



A Subdelegación do Goberno en Ourense, adscrita ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, exerce todas as funcións atribuídas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coordinando, supervisando e impulsando iniciativas para a mellora de todos os servizos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos situados no seu territorio.

Servizos que prestamos

- 1 Información e atención á cidadanía.
- 2 Violencia sobre a muller.
- 3 Servizos dirixidos a inmigrantes en España.
- 4 Servizos relacionados con emprego ou emigrantes.
- 5 Homologación/equivalencia de títulos académicos estranxeiros e expedición de títulos.
- 6 Tramitación de expedientes relacionados con explosivos e pirotecnia.
- 7 Expropiacións. Tramitación de expediente de prezo xusto.
- 8 Intervención estatal ante situacións de emerxencia ou catastróficas.
- 9 Devolución de taxas.
- 10 Xustiza.
- 11 Expedientes correspondentes a sancións administrativas.
- 12 Solicitudes de autorizacións administrativas.
- 13 Servizos a empresas e outras administracións.
- 14 Dereito de reunión.

Compromisos de calidade

- 1 Gravar as solicitudes telemáticas de renovacións de autorizacións de Estranxeiría nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da solicitude.
- 2 Gravar as solicitudes telemáticas iniciais de autorizacións de Estranxeiría nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da solicitude.
- 3 Tramitar as autorizacións e renovacións de residencia temporal e traballo por conta propia e por conta allea nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da solicitude, sempre que se dispoña de toda a documentación necesaria para a tramitación.
- 4 Tramitar as autorizacións para traballar e excepcións ás mesmas nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da solicitude, sempre que se dispoña de toda a documentación necesaria para a tramitación.
- 5 Resolver as solicitudes de devolución de taxas pagadas indebidamente e remitilas á AEAT nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción completa da documentación por parte do solicitante.
- 6 Elaborar o informe e remitir o expediente de axudas dirixidas a atender situacións de extraordinaria necesidade de españois de orixe retornados (Real Decreto 1493/2007) para a súa resolución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a recepción da solicitude.
- 7 Emitir os Certificados de Emigrantes Retornados nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da solicitude, sempre que se dispoña de toda a documentación necesaria para a tramitación.
- 8 Pagamento de facturas nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a súa recepción por FACe.
- 9 Resolver as solicitudes de autorización de empresas de voaduras especiais cunha antelación máxima de 10 días hábiles á caducidade da autorización anterior, sempre que se reciba a documentación necesaria.
- 10 Resolver as solicitudes de autorización de armeiros para empresas de seguridade nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción do informe favorable da Intervención de Armas e Explosivos.
- 11 Resolver os expedientes de autorización de concursos de tiro en campos de tiro eventuais nun prazo de 15 días hábiles dende a recepción da solicitude.
- 12 Responder ás queixas recibidas por calquera medio nun prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada na Subdelegación do Goberno.
- 13 Contestar os correos electrónicos que soliciten información, excepto Estranxeiría, nun prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción do correo.
- 14 Contestar os correos electrónicos que soliciten información de Estranxeiría, nun prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción do correo.
- 15 Responder as consultas relacionadas coa tramitación de expedientes do Xurado de Expropiación nun prazo máximo de 3 días hábiles dende a súa recepción.
- 16 Atender ás vítimas de violencia de xénero nun prazo máximo de 1 día hábil dende a súa solicitude.

Unidade responsable da carta:

Secretaría Xeral da Subdelegación do Goberno en Ourense

Parque de San Lázaro, 1 – 32071 Ourense

988 759 139 / 140

secretario_general.ourense@correo.gob.es

https://mpt.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/



Edita: Ministerio de Política Territorial e
Memoria Democrática
NIPO: 127-24-008-2



Consulte aquí o texto completo
da carta de servizos